

Normas de publicación

Os traballos enviaranse por correo electrónico como arquivo adxunto con formato DOC, ODF ou compatibles, tamaño A4 a dobre espazo e tipo Arial 10, sen empregar estilos, sen sangrías nin inclusión de saltos de parágrafo innecesarios, aliñado á esquerda, con numeración de liñas, 3 cm de espazo en tódalas marxes e con tódalas páxinas numeradas.

Nomenclatura e unidades

Para a denominación das especies admitirase tanto o uso de nomes científicos como de nomes comúns (neste caso, seguidos do nome científico entre parénteses cando se mencionen por primeira vez). Os nomes comúns deberán presentarse en minúsculas (p. ex.: pardal común). Cando un nome científico se cite máis dunha vez, a segunda e posteriores mencións faranse utilizando a inicial do xénero, seguida do epíteto específico (p. ex., *P. domesticus* despois de *Passer domesticus*). Non se subliñarán ou escribirán en cursiva máis que os nomes científicos de xéneros e especies, así como os correspondentes a sintaxóns fitosociolóxicos.

Deberá empregarse o horario solar, expresándose na forma: 08.30 h. As datas poderán indicarse indistintamente como: 18 de xuño de 1994 ou, preferentemente, 18.06.94. En textos en galego, castelán ou portugués, os milleiros presentaranse na forma: 12.500, as cifras con decimais, como: 0,500. As abreviaturas das unidades métricas expresaranse seguindo o Sistema Internacional de Unidades ou o Sistema Métrico-Decimal. O idioma inglés ten as súas propias normas convencionais, inda que se preferirán os textos coas unidades métricas internacionais xunta os outros e entre paréntese.

Estatística

Deberá proporcionarse, para aqueles traballos que o requiran, unha descrición sumaria dos procedementos estatísticos e fontes bibliográficas empregados. Normalmente só se describirán con certo detalle os métodos e aplicacións menos habituais ou máis complexos, podendo obviarse no caso de probas moi coñecidas (t de Student, chi cadrado, etcétera). Intentaranse levar os resultados aos pés de táboas ou figuras, incluíndo tódolos datos relevantes: valores dos tests, graos de liberdade (g.l.), tamaños de mostra (n) e niveis de significación (p). As estimas de parámetros daranse con estatísticos de dispersión ou, no seu caso, con erros típicos ou límites de confianza, tanto estas estimas coma as porcentaxes acompañaranse, en tódolos casos, de tamaños de mostra.

Táboas e Apéndices

Non se admitirán trazos verticais, empregándose só trazos horizontais para separar os encabezamentos. As palabras dos encabezamentos (columnas e liñas) de traballos escritos en galego, castelán ou portugués deberán ir seguidas da súa tradución ao inglés en cursiva: p.ex.: Densidade (aves/10 ha), Density (birds/10 ha). O número de táboa e o

texto (na forma: TÁBOA 1. Variación estacional...) escribíranse na táboa, seguidos da súa tradución ao inglés entre corchetes (en traballos en inglés, as traducións efectuaranse ao galego ou ao castelán).

As táboas incluíranse tralo texto do manuscrito no mesmo arquivo, unha páxina para cada táboa. Os textos para os pés de táboas e figuras incluíranse nun arquivo DOC ou ODF adxunto, diferente ao do manuscrito. O autor deberá indicar o lugar aproximado do texto onde suxire que se sitúe cada táboa.

As táboas excesivamente longas ou complexas deberán prepararse como Apéndices e polo demais rexerán as mesmas normas.

Figuras

As figuras, tanto gráficos como imaxes, enviaranse como arquivos adxuntos. O formato preferido, no caso das imaxes é o TIFF. Os gráficos enviaranse no formato orixinal do programa co que se crearon. O nome do arquivo coincidirá co da figura (p. ex.: Figura 1). Terán una resolución mínima de 300 ppp. Acompañaranse nun arquivo independente, preferentemente nunha folla de cálculo en formato XLS ou SXC, os datos orixinais das gráficas incluídas no artigo. Prégase aos autores que axusten o tamaño das figuras a unha ou dúas columnas da revista *Chioglossa* (6,8 o 14 cm), empregárase un arquivo para cada figura. Os pés de todas as figuras escribíranse nun arquivo adxunto formato DOC ou ODF diferente ao manuscrito, a xunta dos pes das táboas.

Resumos

Neles presentaranse os obxectivos, resultados e conclusións do traballo, de forma moi sucinta e reducindo ao mínimo as referencias a métodos. A súa extensión non debería superar un 5% da correspondente ao manuscrito.

Referencias

As referencias cítanse por orde cronolóxica dentro do texto principal, segundo a forma: (Fernández, 1986; Fernández & Martínez, 1989) ou ben: Fernández, (1986). Dentro da sección Referencias, ordenáranse alfabéticamente e, en segundo lugar, cronoloxicamente. Aquí, os nomes dos autores deberán aparecer en maiúsculas, separados por comas e a conxunción internacional &, os títulos dos artigos ou capítulos e os títulos de libros, publicacións ou revistas, en cursiva. Achéganse os seguintes exemplos para amosar a ordenación e formato correctos:

TELLERÍA. J.L. (1983). La invernada de las aves en los bosques montanos del País Vasco atlántico. *Munibe*. 35: 101-108.

TELLERÍA, J.L. (1986). *Manual para el censo de los vertebrados terrestres*. Raíces, Madrid.

TELLERÍA. J.L. & SANTOS. T. (1986). Bird wintering in Spain: a review. In: A. Fariña (Ed.): *First Conference on Birds Wintering in the Mediterranean Region*, pp.

319-338. Instituto Nazionale di Biologia della Selvaggina. Bologna.

Diferentes publicacións dos mesmos autores dentro dun único ano diferenciaranse como: Fernández (1986a.b.c). Cando un título corresponda a 3 ou máis autores, no texto citarase na forma: Fernández et al. (1986). mentres que nas Referencias detallaranse un a un. Se facemos referencia no texto principal a unha publicación non directamente consultada, esta escribirase como: (Martínez, 1955 in Fernández, 1986), e non se detallará nas Referencias. As comunicacións de colaboradores, tanto verbais como escritas, citarase da seguinte forma: J.A. Fernández (com. pers.). As observacións inéditas dos autores citarase como (obs. pers.). Non se admitirán as indicacións "f" "Un." nin "op. cit.". Os nomes das revistas deberán citarse completos ou segundo as abreviaturas indicadas polos seus editores.

As referencias a recursos electrónicos acompañaranse do indicativo [online], incluírán o autor, ano (preferiblemente da última actualización, no seu defecto o da súa creación, de non dispor de ningún deles indicarse o de consulta), título do documento, autor, dirección completa onde se obtivo o documento, entre ángulos (<>) e a data de última actualización da páxina ou, en caso de non contar con esta información a data de consulta en formato [dd.mm.aaaa], segundo os seguintes exemplos:

LAND, T. (1997) *Web extension to American Psychological Association style (WEAPAS)* [online] <<http://www.beadsland.com/weapas>> [14.03.1997].

LI, X. & CRANE, N. B. (1997) *Electronic sources* In: *MLA style citation*. [online] [24/02/1997]. <<http://www.uvm.edu/~ncrane/estyles/mla.htm>> [24.04.1997].

Antes de enviar os traballos, as Referencias deberán revisarse coidadosamente para emendar erros ou omisións: recoméndase contrastar o texto coas Referencias e viceversa.

MANUSCRITOS

Artigos

Páxina do título

- (1) Título: curto e informativo, que non exceda os 120 caracteres
- (2) Nomes dos autores na forma: José A. Fernández e José Martínez e das institucións ás que pertencen; se existen varios autores a correspondencia entre o nome de cada autor e da organización á que pertence deberá indicarse por medio de superíndices
- (3) Título abreviado: que non supere os 50 caracteres
- (4) Correspondencia: dirección postal completa e de correo electrónico do autor para correspondencia

Páxina do resumo

- (1) Resumo: escrito no idioma empregado no resto do artigo.
- (2) Palabras clave: ao final do resumo situaranse de 3 a 6 Palabras clave ordenadas

alfabeticamente.

(3) Abstract: tradución ao inglés do resumo; irá precedido dunha tradución ao inglés do título do traballo. (Os artigos escritos en inglés incluírán un resumo en galego ou castelán)

(4) Keywords: 3-6 palabras clave en inglés, por orde alfabética.

Texto do artigo coas seguintes seccións

(1) Introducción

(2) Área de Estudo e/ou Materiais e Métodos.

(3) Resultados. Poderán incluírse varios apartados (título en negriña) e subapartados (título en cursiva), todos eles sen numerar, desaconsellándose o uso de máis subdivisións.

(4) Discusión; poderá estruturarse de xeito semellante a Resultados.

(5) Agradecementos (opcional)

(6) Referencias.

(7) Táboas, unha folla por cada táboa

Notas Breves

As notas terán unha extensión máxima dunha páxina impresa (aproximadamente 1-2 páxinas de orixinal) e non incluírán apartados, táboas, figuras, resumo nin referencias. Sen embargo, levarán título e referencias bibliográficas, que se incorporarán abreviadas no texto; como mostra estes exemplos: (Tellería, 1983: *Munibe*, 35: 101-108). (Tellería, 1986: *Manual para el censo de los vertebrados terrestres*), (Tellería & Santos, 1986 in A. Fariña, ed.: First Conference on Birds Wintering in the Mediterranean Region. 319-338) e (LI, X.; CRANE, N. B [en liña] <<http://www.uvm.edu/~ncrane/estyles/mla.htm>> [Consulta: 24 abr. 1997]); ou ben. p. ex.: "... segundo Tellería (*Munibe*. 35: 101-108. 1983) ...", etcétera: en calquera caso, o número de referencias deberá restrinxirse o máximo posible.

Inventarios

Nesta sección terán cabida listas ou catálogos faunísticos e florísticos; estudos relativos á composición e estrutura de comunidades animais e estudos fitosociolóxicos, tanto a nivel local como rexional. As listas de especies deberán basearse en traballo suficientemente intensivo no espazo e no tempo como para evitar resultados triviais: así mesmo, para a súa mellor valoración, poderán incorporar comentarios e análises retrospectivos para as especies que se xulgue conveniente.

A estruturación e normas serán as mesmas que para os Artigos.

Espazos Naturais

Os traballos que se incluírán nesta sección serán de corte ensaístico. combinando información sobre ecoloxía, situación, valores, problemas, estratexias de conservación, etcétera, relativos a espazos naturais ou ecosistemas. Aínda que non de forma obrigatoria, na exposición dos temas debería integrarse material orixinal inédito, avances de traballos en curso, etcétera, con interpretacións e recensións bibliográficas extensas, mantendo un nivel divulgativo elevado. Con excepción dos apartados de Resumo e Referencias, que serán obrigatorios, a extensión e a estruturación quedarán a criterio dos autores, se ben as normas xerais detalladas ao inicio son tamén de aplicación neste caso, para o que suxerimos unha extensión non maior de 20 páxinas impresas.

Comentarios

Sección destinada a artigos de opinión, réplicas e outros textos similares. A súa estrutura será a mesma que a das Notas Breves.